

38 | XORNAL DE GALICIA |
MARTES, 11 DE MAIO DE 2010

CULTURA

LITERATURA

O escritor Alberto Manguel conferencia na Real Academia

O escritor arxentino Alberto Manguel participará hoxe na sede da Real Academia Galega (RAG) no III Encontro Cidade da Coruña, que organizan a Asociación de Escritores en Lingua Galega e a Concellaría de Cultura do Concello da Coruña. Segundo informaron os organizadores, Alberto Manguel pronunciará, a partir das 20.00 horas, unha conferencia co título *O camiño da lectura*. A súa intervención será presentada polo escritor Manuel Rivas. O III Encontro Cidade da Coruña, que se celebra baixo o lema *Literatura e viaxe*, finalizará o 19 de maio. **xde**
